


Con *Dragal II. A metamorfose do dragón* chega a segunda entrega dunha trilogía –a anterior entrega fora *Dragal I. A herdanza do dragón*– na que Elena Gallego Abad (Teruel, 1969), considerada xa por algúns como a Rowling galega, continúa a historia e mais as aventuras de Adrián, o adolescente que, tras a morte en estranhas circunstancias de seu pai e grazas a un medallón, descobre o seu fantástico destino: converterse no último dragón galego. Porén, os obstáculos son inevitables –esencialmente, nesta sorte de novelas– e agora Adrián debe proteixerse de Dragal, que quere absor-

Potencia argumental

Amizade, amor e compañirismo

PAULA FERNÁNDEZ



ber a materia gris do seu cerebro. A axuda de Mónica e Don Xurxo será fundamental para o protagonista desta historia de reminiscencias medievais universais onde dragóns, profecías, cabaleiros, catacumbas e segredos milenarios, en lugar de existiren en mundos paralelos –sen dúbida a opción máis doada–, son trasladados ao século XXI. Motivos xa recurrentes na literatura xuvenil de corte fantásti-

co, que se actualizan en *Dragal* ao inserilos na tradición galega ou ao revés, de maneira que a cultura de noso está presente en diversos aspectos que van dende a escolla de espazos tan característicos como a Poza da Moura até a idiosincrasia dos protagonistas.

Aventuras de adolescentes, que parten dunha potencialidade argumental apoiada nun ritmo áxil, con valores e sentimentos inherentes a estas entre os que cómpre salientar a amizade, o amor e o compañirismo, que veñen encher o interese e a demanda obxectiva de lectores satisfeitos despois da primeira entrega desta serie.

GALLEGO ABAD, Elena, Dragal II. A metamorfose do dragón, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 11 €